

*Esta é Joaquina pasando por nós, como unha pantasma.*

# A MULLER BORRADA

registro dun proceso creativo

dirixido por  
SONIA MÉNDEZ

producido por  
NATI JUNCAL PORTAS

**CÓSMICA**  
PRODUCCIÓNS

## A PROPOSTA

***Unha cineasta e unha pintora enfróntanse ao desafío creativo de retratar a unha muller da que non existe ningunha imaxe.***

A muller borrada é o rexistro audiovisual dun proceso creativo que segue a viaxe da directora Sonia Méndez tentando recuperar a memoria e a imaxe de Joaquina Mosquera Ribeira (1805-1848), unha dama da alta sociedade coruñesa.

Joaquina Mosquera foi vítima dun misterioso asasinato cuxos antecedentes se descubriron recentemente. Foi asasinada polo seu segundo marido, quen tamén se suicidou posteriormente. A súa existencia foi eliminada dos arquivos familiares. Foi borrada da historia como unha mancha, un deshonor, alguén incómodo e incriminatorio.

O obxectivo do proxecto é volver facer visible a Joaquina dalgunha maneira. Por iso Sonia encargalle a María Meijide, pintora local, que realice un retrato desta descoñecida. Terá que investigar e seguir o seu instinto para tentar reconstruír a imaxe desta muller. A artista María Meijide e Sonia Méndez buscarán pinturas doutros membros da familia, o estilo feminino da época e profundarán nos trazos psicolóxicos e a personalidade de Joaquina para pescudar como sería a súa mirada e a súa pose.

Ao longo do proceso filmado coñeceremos os feitos que preceden ao asasinato e leremos a carta de suicidio do asasino de Joaquina. Analizarémolo. A nosa intención é reflexionar sobre temas como o significado profundo do borrado da historia da muller, o simbolismo dos retratos e as loitas desta muller non submissa pero tamén sobre as estratexias para sobrevivir mediante a arte.



## A HISTORIA

Descubrimos a historia de Joaquina -ou mellor dito da non-historia- hai un par de anos a través dun amigo, un guionista, co que traballamos en varios proxectos. Trátase da historia do asasinato de Joaquina Mosquera, muller da alta sociedade coruñesa do século XIX e avoa da soada escritora Emilia Pardo Bazán. Joaquina foi asasinada a mans do seu segundo marido en 1848, un crime sinistro do que poucas persoas chegaron a coñecer porque a súa existencia foi borrada e ocultada de calquera rexistro familiar. Non hai imaxe de Joaquina e case ninguén sabe que final tivo a avoa da soada escritora a pesar do horripilante dos feitos e da posición social da familia.

O caso saíu á luz por casualidade. Os historiadores do grupo de investigación A Tribuna vincularon unha noticia na prensa que trataba da morte de Joaquina -precisamente porque os investigadores recoñeceron os apelidos Pardo Bazán- a unha carta manuscrita dos mesmos días que uno dos historiadores atopara nun anticuario por casualidade. Esta non era unha carta calquera, era a carta de suicidio que Juan Rey, o segundo marido de Joaquina, comezara a escribir antes de degolala e que terminou xusto despois de asasinala e suicidarse. Estaba ocultada á mantenta?

Estamos convencidas de que o asasinato de Joaquina foi un asasinato machista e que a súa historia, o seu nome, o seu rostro e a súa voz foron borrados, como os de moitas outras mulleres que, como Joaquina, desafiaron a orde patriarcal.



## NOTAS DE DIRECCIÓN

Non hai unha soa imaxe de Joaquina. A pesar do seu status social e a posición da súa familia, a súa historia é descoñecida, do mesmo xeito que o seu rostro. A miña primeira necesidade cando souben do seu caso foi facer visible o seu rostro porque o que non se ve non existe. Quero retratar a Joaquina, tentar devolverlle a súa imaxe e, moito máis alá, recuperar a súa memoria. Para facer isto, preciso investigar no xeito en que podemos reconstruír a súa imaxe.

O primeiro paso que quero dar é atoparme coa pintora María Meijide no seu estudo para convencela de que acepte o traballo. Propóñoome contarlle o que sei da historia, espertar nela a mesma fascinación que eu sinto, e contar co seu apoio e coñecemento para devolverlle o rostro a Joaquina. Coñezo a María desde hai anos e, aínda que ten un estilo de pintura contemporánea cunha paleta de cores moi expresiva, a súa obra ten unha base realista que pode achegar un contraste interesante. Tamén me interesa o carácter de María e as súas fortes conviccións sobre a arte e a vida. Podo imaxinarnos discutindo certos temas que poden xurdir ao redor da imaxe e personalidade de Joaquina.

Convidaremos o estudo a expertos en diferentes campos que nos axudarán a recuperar a historia de Joaquina e construír o seu retrato. No teaser que presentamos, empezamos a familiarizarnos coa roupa, os complementos, as xoias e outros artigos do século XIX.

Intrígame o proceso creativo que resultaría deste traballo: Podemos descifrar un rostro a partir de certos trazos de personalidade, un contexto histórico, unha clase social e outros elementos similares? Que proceso segue un pintor para capturar a personalidade das persoas a través dun retrato? Creo que, así como vou afrontar este reto a través do proxecto creativo do rexistro da experiencia filmada, é probable que María poida facer o mesmo: chegar a un rostro a través do coñecemento e a imaxinación.

Para o rexistro do proceso a cámara marcará o ritmo da acción dramática. Acompañará os momentos lentos e reflexivos. Buscaremos un estilo pictórico estilizado no estudo de estudo do pintor, unha paleta típica de finais do século XIX e suaves contraluces.

No rexistro dous procesos creativos evolucionarán en paralelo; o da pintora e o da cineasta, a procura da imaxe e a procura da narrativa. O principal propósito estético será reflectir este proceso creativo.



## VALORES, PUNTOS FORTES E INTERESE

O proxecto reflexiona sobre as estratexias de invisibilización das mulleres e súa historia, comezando pola manobra máis radical e dramática, o asasinato e borrado completo da súa existencia. Joaquina Mosquera era unha muller forte e valente e o seu asasinato foi a forma na que o seu marido decidiu frenala na obtención dos seus obxectivos.

No proceso de rexistro a cineasta Sonia Méndez e a pintora María Meijide tratarán de restaurar a súa imaxe e a súa historia. Trátase pois dun proxecto de recuperación da historia das mulleres, mulleres axudando a mulleres. Mais tamén seguiremos de preto o proceso artístico destas dúas, a súas frustracións, dúbidas, desacordos e conquistas.

A fortaleza é o xogo entre o retrato das tres mulleres. Deste xeito, A muller borrada, será unha peza experimental, unha búsqueda.

Valores:

- Sonia Méndez: o compromiso dunha cineasta coa realidade.
- Valentía, idea de rachar co establecido socialmente, transformación.
- Pártese da historia dunha muller de principios do século XIX para reflexionar arredor dun tema universal.
- A arte e o retrato como elemento reparador e de visibilidade.



SONIA MÉNDEZ ten unha longa traxectoria en diferentes ámbitos: actuación, dirección, guión e produción audiovisual. Traballa como actriz en series e filmes como Serramoura, Os Atlánticos ou Terras de Miranda para a CRTVG, Cuéntame para TVE ou El Vecino para NETFLIX e en filmes como El Sexo de los Ángeles de Xavier Villaverde, Rafael de Xavier Bermúdez ou Por mi y por todos mis compañeros de Judas Diz.

Dirixe, guioniza e produce as curtametraxes Perversa Lola, Leo y Mario (se dejan), Café Bar Santos Perruquería, Ei, Guapa! para a longametraxe colectiva Visions, As Damas Negras e Conversa cunha Muller Morta, estas dúas últimas premiadas co Mestre Mateo a Mellor Curtametraxe nos anos 2011 e 2012 entre outros premios e distincións. Crea, coguioniza e interpeta a serie web Angélica y Roberta, Mestre Mateo a Mellor Webserie no ano 2012. No ano 2019 dirixe e coguioniza a Gala dos Premios da Academia do Audiovisual de Galicia e dende o ano 2014 dirixe o Festival de Contidos Dixitais Carballo Interplay, primeiro festival estatal de este tipo.

No 2018 funda a produtora audiovisual Cósmica Producións xunto a Nati Juncal Portas. Xa con Cósmica dirixe e coguioniza a serie Antes de Perder para Playz-RTVE que tamén foi premiada co Mestre Mateo á mellor serie web en 2020 y o documental A Poeta Analfabeta sobre a poeta e activista galega Luz Fandiño. Na actualidade está desenvolvendo a longametraxe de ficción As Neves, seleccionada para desenvolvemento no Torino Film Lab Next e Sources 2; e o documental A Muller Borrada, seleccionado no EuroDoc 2020.

NATI JUNCAL PORTAS comeza a súa carreira audiovisual en 2005 na produción de curtametraxes colaborativas. Tras varios anos adicada á produción, fórmase na New York Film Academy e na Raindance London School en cursos especializados en produción de cinema. En 2018 foi seleccionada para participar no EAVE @Santiago de Compostela.

Nos últimos anos involucrouse en varios proxectos de cine de autor sendo Directora de produción da longametraxe Lúa Vermella de Lois Patiño (Zeitun Films), estreada na sección Forum da Berlinale 2020; e Xefa de produción dos filmes Longa Noite e Eles Transportan a morte (Fílmika Galaika) a primeira dirixida por Eloy Enciso, foi estreada en Locarno 2019 e, a segunda de Helena Girón e Samuel M. Delgado está actualmente en posprodución.

En 2018 fundou Cósmica Producións coa que produce a serie Antes de Perder de Sonia Méndez para Playz-RTVE, premiada co Mestre Mateo á mellor serie web en 2020 e o documental A Poeta Analfabeta sobre a poeta e activista galega Luz Fandiño.

Na actualidade desenvolve dous proxectos de longametraxe e unha curtametraxe: a longametraxe de ficción As Neves de Sonia Méndez, seleccionada para desenvolvemento no Torino Film Lab Next e Sources 2; o documental A Muller Borrada de Sonia Méndez e Daniel D. García, co que participa no EuroDoc 2020 e; a curtametraxe O Neno Sardiña de Lucía Estévez. Na actualidade é Directora de produción ao filme Matria de Álvaro Gago (Matriuska Producciones, Avalon PC, Ringo Media).



Sonia Méndez Alonso  
sonia@cosmicaproductions.gal  
(+34) 646 95 19 49



Nati Juncal Portas  
nati@cosmicaproductions.gal  
(+34) 605 01 33 07

CÓSMICA PRODUCCIÓN é unha produtora con sede en Santiago de Compostela fundada en 2018 pola produtora Nati Juncal Portas e a directora Sonia Méndez Alonso. Traballan xuntas dende o ano 2007, ano no que Sonia Méndez dirixe a súa primeira curtametraxe. Dende entón construíron un frutífero tándem dirección-produción. As súas producións exploran o universo feminino desde diferentes posicionamentos estéticos, puntos de vista, problemáticas, roles e xéneros.

## PRODUCCIÓNS

### ANTES DE PERDER

Serie de 7 episodios para Playz-RTVE.

Comedia, road movie.

Estrea 7 de marzo de 2019

Festivais e premios: Buenos Aires Series, Selección dentro da Competición Internacional (Marzo 2020) e Premio Mestre Mateo á mellore serie web. Marzo 2020.

### A POETA ANALFABETA. En distribución

Documental sobre a figura da poeta e activista Luz Fandiño.

Directora: Sonia Méndez.

Este proxecto recibiu en 2019 o Premio Luísa Villalta da Deputación da Coruña e a Subvención de creación audiovisual para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego da AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais).

### AS NEVES. En Desenvolvemento

Longametraxe de ficción. Drama psicolóxico adolescente.

Directora e guionista: Sonia Méndez.

Este proxecto recibiu en 2019 a Subvención para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais de produción galega da AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais) e foi seleccionado para a súa participación en dous dos laboratorios de guiión e desenvolvemento máis importantes de Europa: Torino Film Lab e Sources 2.

### A MULLER BORRADA. En Desenvolvemento.

Documental sobre o misterioso asasinato de Joaquina Mosquera, avoa de Emilia Pardo Bazán.

Directora: Sonia Méndez.

Idea orixinal e guiión: Daniel D. García.


Este proxecto recibiu en 2019 a Subvención para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais de produción galega da AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais) e foi seleccionado para a súa participación en EuroDoc, o prestigioso programa europeo de desenvolvemento de proxectos dirixido a produtor@s de documental.

### O NENO SARDIÑA. En produción

Curtametraxe de ficción. Drama.

Directora e guionista: Lucía Estévez.

Este proxecto recibiu axuda a produción da convocatoria de Subvencións a producións e coproducións audiovisuais de contido cultural galego da AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais) do 2020.



CÓSMICA  
PRODUCCIÓN

